

## **ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DA 3ª AVALIACIÓN DA MATERIA DE MÚSICA DO CPI CRUZ DO SAR, BERGONDO , DO CURSO 2019-2020.**

**A partir das Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.**

### **1.Introducción.**

### **2.Avaliación e cualificación.**

### **3.Metodoloxía e actividades do 3º trimestre**

### **4.Información e publicidade**

O Departamento de Música nesta excepcional situación que estamos a vivir y coa problemática da ensinanza telemática para moitos dos nosos alumnos e alumnas, adaptou a súa programación didáctica para este terceiro trimestre do curso 2019-20. Temos que contar con varios aspectos á hora de facer esta adaptación. O primeiro é ca materia de música ten só dúas horas nos cursos de 2º e 3º de ESO, e 3 horas en 4º ESO. Nos primeiros cursos da ESO no ensinanza ordinaria moitas veces deixamos de lado moitos aspectos para poder rematar a programación. Quizá sexa este momento o perfecto para facer fincapé nos puntos que lles custa máis entender aos rapaces e rapazas a través dos exercicios de reforzo e repaso.

A materia en 4º ESO é optativa é a tratamos de maneira máis práctica aínda que nos cursos anteriores porque contamos cunha hora máis. Traballos previstos para esta terceira avaliación serán aprazados pola necesidade de contar coa presenza tanto do alumnado como da profesora para á elaboración da mesma.

Por iso, o departamento de música tomou a decisión de adaptar os contidos e a avaliación da súa programación. Esta adaptación abrangue tanto ás actividades que tiñan que desenrolarse neste terceiro trimestre, coma ós criterios de avaliación para éste, así coma para a recuperación (se fose preciso) das avaliacións primeira e segunda.

O departamento de música ao longo desta terceira avaliación non avanzarán materia nova, só repasará e reforzará todos aqueles contidos explicados e tratados ata o día no que se decretou o estado de alarma. Facerá exercicios e tarefas que se publicarán na aula virtual y materias de repaso que se publicarán tamén no blog da profesora [www.jazztabieneso.blogspot.com](http://www.jazztabieneso.blogspot.com), alí o alumnado poderá ver temas de música xa tratados e coñecementos de cultura musical a través dos xogos e vídeos.

Con todo isto, o alumnado que traballe esta avaliación mellorará a súa nota e aqueles que precisen recuperar algunha das avaliación o farán a través de exercicios de reforzo para superar ditas avaliacións.

Non se ampliará materia entendendo que haberá que modificar as programacións de cara ao vindeiro curso 2020-2021.

Os estándares de aprendizaxe e os contidos serán os mesmos a programación presentada ao inicio do curso nos diferentes cursos da ESO xa que as actividades e tarefas estarán organizadas en tres ámbitos: recuperación, repaso e afianzamento de coñecementos explicados antes do confinamento e non haberá ampliación de materia nova..

<b>1. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: Fichas respostadas polos alumnos, tarefas encomendadas pola profesora e entregadas na data, probas online ( aínda que se dubida da fiabilidade). As actividades entregadas deben estar ben feitas e se non o estiveran a primeira o alumnado ten que refacelas as veces que sexan necesarias.</p> <p>Instrumentos: fichas elaboradas pola profesora para reforzar, repasar e recuperar a materia das dúas primeiras avaliacións.                      Recursos audio-visuais. Recursos dixitais, traballos feitos polo alumnado.                      Xogos musicais de preguntas para avaliar o traballo e interese do alumnado na meira da súa cualificación na materia.                      Aportación de material complementario.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>En todos os cursos da ESO, será a media das dúas primeiras avaliacións. Esa nota poderá verse incrementada naqueles alumnos e alumnas que responderon no prazo indicado e que o modificasen se estivera mal, a todas e cada unha das tarefas propostas pola profesora. A nota incrementaráse entre 0 e 2 puntos, tendo en conta o traballo, calidades e interese do alumno ou alumna.</p> <p>Aqueles que teñan a segunda avaliación suspensa poderán recuperala coas tarefas solicitadas pola profesora ou a través dunha proba online. Se estes alumnos non amosan interese ou non envían as tarefas con rigor e corrección, a materia non poderá ser recuperada na avaliación ordinaria e polo tanto, deberá recuperarse na proba extraordinaria de setembro 2020 coas unidades que abaixo se indican para cada curso.</p> <p>Resumindo: A cualificación da proba ordinaria obterase a partir das cualificacións da 1ª e 2ª avaliación segundo as seguintes porcentaxes:                      1ª avaliación 50%                      2ª avaliación 50%</p> <p>O alumnado poderá mellorar ata 2 puntos a súa cualificación a partir do seu interese e o traballo realizado.</p>

<p><b>Proba extraordinaria de setembro</b></p>	<p>2º ESO: Cualidades do sonido: altura, duración e timbre. Representación das ondas das cualidades do sonido, nome das notas nas diferentes claves, intervalos, acordes, figuras e silencios (e duración das mesmas), compases simples, clasificación de instrumentos.</p> <p>3º ESO: Historia da música: Idade media, creación da escritura musical e a evolución da notación musical. Música profana e relixiosa. Renacemento musical e o nacemento da polifonía.</p> <p>4º ESO: A ópera: historia, evolución e diferentes óperas ao longo da historia. Carteis das óperas máis famosas da historia. Importancia das letras das cancións de hoxe en día no tratamento dos valores esenciais para o respecto e a sociedade igualitaria.</p>
<p><b>Alumnado de materia pendente</b></p>	<p>Criterios de avaliación: Non temos pendentes na materia de música</p> <p>Criterios de cualificación: Non temos pendentes na materia de música</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Non temos pendentes na materia de música</p>

<p><b>2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b></p>	
<p><b>Actividades</b></p>	<p>Tarefas propostas pola profesora na aula virtual coas datas establecidas para a súa entrega. Todas as dudas e comentarios poden facelo na mesma aula e a través do correo da profesora <a href="mailto:musicamolamazo@gmail.com">musicamolamazo@gmail.com</a>. O contacto ca profesora é preciso e fundamental para acadar mellor nota, demostrando o interese e as ganas de traballo por parte do alumno ou alumna.</p>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<p>Alumnado con conectividade a través da Aula Virtual e correo persoal da profesora</p> <p>Alumnado sen conectividade.( A día de hoxe no CPI CRUZ DO SAR atendeuse a todos os alumnos que o reclamaron con ordenador e incluso conexión).</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p>Blog: <a href="http://www.jazztabieneso.blogspot.com">www.jazztabieneso.blogspot.com</a></p> <p>Aula virtual da materia de música</p> <p>Tarefas creadas pola profesora</p> <p>Correo persoal da profesora: <a href="mailto:musicamolamazo@gmail.com">musicamolamazo@gmail.com</a></p>

<b>1. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Para informar ao alumnado usaranse tanto a aula virtual como os correos que realizan os alumnos e alumnas ao meu correo para resolver dúbidas.</p> <p>Este correo (<a href="mailto:musicamolamazo@gmail.com">musicamolamazo@gmail.com</a>) é o mesmo tanto para o alumnado como para as súas familias que se poñen en contacto ca profesora para calquera dúbida que eu lles poida resolver da miña materia así como do traballo dos seus fillos e fillas.</p>
<b>Publicidade</b>	<p>Esta adaptación da programación da materia de música farase pública na web do centro o 12 de maio de 2020.</p>

**XEFA DO DEPARTAMENTO DE MÚSICA**

**Silvia Ron García**

**Bergondo, 12 de maio de 2020**